

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS  
PERMANENTES DO DÍA 15 DE SETEMBRO DE 2009, CON CARÁCTER  
SUPLETORIO DA CORRESPONDENTE AO DÍA 25 DE AGOSTO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezanove horas do día quince de setembro de 2009, reúnenos simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 22 de agosto de 2009.

**A) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior**

Asistentes:

- Presidente: Don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE.
- PSdeG-PSOE: Don Jaime Manuel López Lisnier, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor, e dona Carmen Tato Lago.
- PP: Don Felipe Andreu Barallobre, don Nicolás José Cubeiro Martínez e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP.
- BNG: Don Antón Otero Domínguez e don Henrique Xabier Iglesias Oviedo
- EU-IU: Don Luis Miguel Taibo Casás.
- GM (PG): Don Manuel Marante Gómez.

Asisten, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora.

**B) Comisión Informativa de Urbanismo, Seguridade Cidadá e Transportes**

Asistentes:

- Alcalde-Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.

- PSdeG-PSOE: Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, e don Jaime Manuel López Lisnier, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor.
- PP: Don Nicolás José Cubeiro Martínez, don Felipe Andreu Barallobre e dona Goretti Pérez Eléxpuru.
- BNG: Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo e don Antón Otero Domínguez.
- EU-IU: Don Luis Miguel Taibo Casás.
- GM (PG): Don Manuel Marante Gómez.

C) Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos

Asistentes:

- Presidente: Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- PSdeG-PSOE: Dona Erundina Prado Arcay, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín.
- PP: Don Santiago Manuel Ríos Rama, don Nicolás José Cubeiro Martínez e don Felipe Andreu Barallobre.
- BNG: Dona Gumersinda Becerra Montes.
- EU-IU: Don Luis Miguel Taibo Casás.
- GM (PG): Don Manuel Marante Gómez.

D) Comisión Informativa de Educación, Deportes, Cultura, Benestar Social e Normalización Lingüística

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- PSdeG-PSOE: Dona Erundina Prado Arcay e dona Carmen Tato Lago.
- PP: Dona Goretti Pérez Eléxpuru, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel e dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas.

BNG: Dona Gumersinda Becerra Montes e don Antón Otero Domínguez.  
EU-IU: Don Juan Antonio Fernández López.  
GM (PG): Don Manuel Marante Gómez.

E) Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo

Asistentes:

Presidente: Dona Laura Fernández Martínez, do BNG.  
PSdeG-PSOE: Dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e don José Venancio Salcines Cristal.  
PP: Dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don José Antonio Baamonde López.  
BNG: Don Antón Otero Domínguez.  
EU-IU: Don Juan Antonio Fernández López.  
GM (PG): Don Manuel Marante Gómez.

Asiste, como secretaria, dona Verónica M<sup>a</sup> Otero López, secretaria accidental da corporación.

Antes de comezar cos asuntos de orde do día faise unha aclaración respecto do exercicio do voto ponderado a que fai referencia o acordo acadado no pleno do día 22 de agosto de 2009, explicando que o voto será manifestado polo concelleiro que cada partido teña designado en primeiro lugar na lista de membros da respectiva comisión. En caso de ausencia, será emitido polo seu suplente ou polo seguinte titular, e así sucesivamente.

Así mesmo, dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, completa a lista dos membros das comisións informativas designados polo seu grupo, nomeando aos suplentes.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN,  
PATRIMONIO MUNICIPAL E RÉXIME INTERIOR**

**1º Constitución da Comisión**

Coa asistencia da maioría absoluta do número de concelleiros que a compoñen, o Sr. presidente declara constituída a Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior.

**2º Ratificación, se procede, da Resolución de Alcaldía do día 26 de agosto de 2009, respecto do establecemento das festas locais para o ano 2010**

Dada conta da Resolución de Alcaldía núm. 1573 de 26 de agosto de 2009, que se transcribe literalmente a continuación:

“Visto o escrito do Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar rexistrado de entrada o día 26 de agosto de 2009 co número 11 239, no que solicita a designación das festas locais para o ano 2010.

Visto que se debe remitir a proposta municipal con anterioridade ao día 30 de setembro de 2009.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Primeiro: Fixar como festas locais para o ano 2010 o martes de entroido e o día 16 de agosto.

Segundo: Comuníquese ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, para os efectos da súa ratificación e remítase a correspondente certificación ao Departamento Territorial da Consellería de Traballo e Benestar.”

O Sr. presidente somete a votación ordinaria o asunto. Votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros do PP, dos dous concelleiros do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Ratificar a Resolución de Alcaldía núm. 1573 de 26 de agosto de 2009, respecto do establecemento das festas locais para o ano 2010.

**3º Proposta de cambio do Plan de investimentos do exercicio 2006 respecto da obra Acondicionamento de fontes ruta “Arredor de Cambre”**

Vista a proposta de Alcaldía de data 10 de setembro de 2009.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria o asunto. Votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous dous concelleiros do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG) e abstéñense os tres concelleiros do PP.

A comisión, en votación ordinaria, por sete votos a prol, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Cambiar o plan de investimentos do exercicio 2006 respecto da obra “Acondicionamento de fontes ruta Arredor de Cambre”, proxecto 2006-2-432011 por importe de 120.000,00 euros, substituíndo estas actuacións pola obra “Acondicionamento de fontes e lavadoiros municipais”.

**4º Proposta de aprobación do expediente de modificación de crédito: Suplemento de crédito 3/2009 e crédito extraordinario 2/2009**

Vista a proposta de Alcaldía de data 11 de setembro de 2009.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria o asunto. Votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de EU-IU, e abstéñense os tres concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG).

A comisión, en votación ordinaria, por seis votos a prol, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito por importe de 279.202,95 euros, de suplemento de crédito 3/2009 e de crédito extraordinario 2/2009 co seguinte detalle:

Partida orzamentaria		Importe
313A.480	Axudas de emerxencia social	15.000,00

313A.48002	Axudas usuarios A Escada	4.175,88
511.611	Estradas, camiños, viais públicos,...	55.000,00
432.611	Investimentos infraestrutura urbana	50.000,00
121.626	Equipos informáticos	15.188,95
452.622	Investimentos instalacións deportivas	63.138,12
432.625	Mobiliario urbano	30.000,00
451.48901	Escola de baile e música Sementeira	15.000,00
<b>Subtotal suplemento de crédito 3/2009</b>		<b>247.502,95</b>
222.624	Vehículo para policía	15.000,00
464.48902	C.A.M.P.O.S.	8.100,00
464.48903	Solidariedade Galega	8.600,00
<b>Subtotal crédito extraordinario 2/2009</b>		<b>31.700,00</b>
<b>Total modificación orzamentaria</b>		<b>279.202,95</b>

Sendo no caso de investimentos os seguintes proxectos afectados:

Partida orzamentaria	Aumento	Proxecto afectado	
511.611	55.000,00	09-2-511001	Mellora rede viaria concello de Cambre
432.611	50.000,00	09-4-432007	Senda e pluviais en Aian
121.626	15.188,95	09-2-121002	Plataforma para prestación de e-servicios
222.624	15.000,00	09-2-222000	Vehículo para Policía Local
452.622	63.138,12	09-2-452006	ARUME:Sistema coxeneración e cuberta piscina A Barcala
432.625	30.000,00	09-4-432008	Parque infantil A Balastreira

A devandita modificación financiarase en 24.140,00 euros con cargo a baixas nas seguintes partidas:

Partida orzamentaria		Importe
451.22709	Escola municipal de música	15.000,00
464.48900	Entidades de cooperación ao desenvolvemento	9.140,00
Total financiado con baixas noutras partidas		24.140,00

E o importe restante, 255.062,95 euros, con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Remanente de Tesourería para gastos xerais total resultante da liquidación de 2008	2.156.195,12
Disposto no expediente de incorporación de remanentes 1/2009	1.078.696,58
Disposto neste expediente suplemento de crédito número 2/2009	340.262,36
Disposto neste expediente suplemento de crédito número 3/2009 e crédito extraordinario 2/2009	255.062,95
Remanente líquido de tesourería despois desta modificación	482.173,23

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examina-lo e efetua-las reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

### **5º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, SEGURIDADE CIDADÁ E TRANSPORTES**

### **1º Constitución da Comisión**

Coa asistencia da maioría absoluta do número de concelleiros que a compoñen, o Sr. presidente declara constituída a Comisión Informativa de Urbanismo, Seguridade Cidadá e Transportes.

### **2º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS**

#### **1º Constitución da Comisión**

Coa asistencia da maioría absoluta do número de concelleiros que a compoñen, o Sr. presidente declara constituída a Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos.

#### **2º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, DEPORTES, CULTURA, BENESTAR SOCIAL E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

#### **1º Constitución da Comisión**

Coa asistencia da maioría absoluta do número de concelleiros que a compoñen, o Sr. presidente declara constituída a Comisión Informativa de Educación, Deportes, Cultura, Benestar Social e Normalización Lingüística.

#### **2º Aprobación, se procede, das bases das bolsas de estudo para o curso 2009-2010**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Educación e Deportes de data 1 de setembro actual.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria o asunto. Votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os tres concelleiros do PP.

A comisión, en votación ordinaria, por sete votos a prol, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas de estudo para o curso 2009-2010, que se achegan así como os seus anexos.

Segundo: Aprobar un gasto de 7.200,00 euros con cargo á partida 2009 422 481 “Bolsas de estudo” do actual orzamento municipal.

Terceiro: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, así como darlles publicidade mediante avisos nun dos xornais de maior tiraxe da provincia e mediante trípticos informativos sobre a convocatoria.

### **3º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, IGUALDADE E**

### **TURISMO**

#### **1º Constitución da Comisión**

Coa asistencia da maioría absoluta do número de concelleiros que a compoñen, a Sra. presidenta declara constituída a Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo.

#### **2º Rogos e preguntas**

Non se presentaron rogos nin preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as dezanove horas e trinta minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento

orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria accidental dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de  
Economía, Facenda, Contratación,  
Patrimonio Municipal e Réxime Interior

Presidente da Comisión Informativa de  
Urbanismo, Seguridade Cidadá e  
Transportes

José Venancio Salcines Cristal

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de  
Medio Ambiente, Obras e Servizos

Presidente da Comisión Informativa de  
Educación, Deportes, Cultura, Benestar  
Social e Normalización Lingüística

Henrique Xabier Iglesias Oviedo

Jaime Manuel López Lisnier

Presidente da Comisión Informativa de  
Participación Cidadá, Igualdade e  
Turismo

A secretaria accidental

Laura Fernández Martínez

Verónica M<sup>a</sup> Otero López